

De orde do Excmo. Sr. Reitor teño a honra de convocar a V. S. á sesión ordinaria do Consello de Goberno que terá lugar o vindeiro día 22 de xullo de 2005, na Sala do Consello de Goberno do Reitorado, A Maestranza, ás 9.30 horas en primeira convocatoria e ás 10.00 en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Informe do Reitor.
2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior, celebrada o día 27 de xuño de 2005.
3. Aprobación de convenios e contratos.
4. Aprobación de licenzas, anos sabáticos e comisións de servizos.
5. Cursos de postgrao.
6. Creación do Centro de Linguas.
7. Adscrición da área de Dereito Procesual ao departamento de dereito público.
8. Prazas de profesorado.
9. Liquidación do exercicio 2004.
10. Aprobación do regulamento de símbolos, honras e protocolo da UDC.
11. Convocatoria de probas selectivas para ingreso na escala administrativa e na escala de xestión da UDC polo sistema de promoción interna, de concurso de libre designación para a cobertura da praza de vicerexerente do Campus de Ferrol e de concurso-oposición para a cobertura da praza de técnico superior do CUFIE.
12. Modificación do regulamento de estudos de doutoramento da UDC.
13. Aprobación do calendario de estudos de doutoramento.
14. Aprobación do proxecto de regulamento para a contratación de traballos científicos, técnicos e artísticos.
15. Aprobación da Relación de Postos de Traballo.
16. Aprobación do regulamento interno do departamento de socioloxía e ciencia política e da administración.
17. Rolda aberta de intervencións.

A documentación completa relativa aos puntos 2 e 3 está a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría Xeral da Universidade, atopándose unha copia na Secretaría Técnica do Campus de Ferrol. Achégase con esta convocatoria a documentación relativa aos puntos 3, 4, 5, 6, 8, 10, 12, 13, 14 e 16. A proposta de RPT pode consultarse na páxina web da xerencia: xerencia > Persoal de administración e servizos > RPT > proxecto da RPT do PAS da UDC 2005. O proxecto de liquidación do exercicio 2004 pode consultarse na páxina web da vicerreitoría de estratexia e planificación económica: reitoría > vicerreitorías > vicerreitoría de estratexia e planificación económica > documentos > memorias económicas e liquidacións > proxecto de liquidación do exercicio 2004.

Ante a extensión e importancia dos puntos a tratar, advírtese que, consonte o disposto no artigo 12 do regulamento interno do Consello de Goberno, no caso de excesiva duración do pleno a sesión interrompirase ás 14.15 horas, continuando ás 16.15 do mesmo día.

Os membros do Consello poden aparcar no patio interior da Reitoría durante o tempo que dure a sesión.

A Coruña, 15 de xullo de 2005
A SECRETARIA XERAL

Asdo. Patricia Faraldo Cabana

SRES./SRAS. MEMBROS DO CONSELLO DE GOBERNO